

Resolución do 6 de abril de 2022, do Servizo Provincial da Coruña, pola que se sinala a data para o levantamento das actas previas á ocupación e para a formalización das actas de ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construcción denominado Senda na AC-404, treito A Ponte-Santa Catalina, puntos quilométricos (p.q.) 1+880-2+330, de clave AC/19/004.06, no concello de Santa Comba.

O artigo 28 do vixente Estatuto de autonomía de Galicia establece no seu apartado 2º a competencia da comunidade autónoma galega no desenvolvemento lexislativo e execución da lexislación do estado en materia de expropiación forzosa.

Con data de 17 de febreiro de 2022 a Xunta de Galicia procedeu á declaración de utilidade pública e urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construcción denominado Senda na AC-404, treito A Ponte-Santa Catalina, puntos quilométricos (p.q.) 1+880-2+330, no Concello de Santa Comba, de clave AC/19/004.06, por Decreto 22/2022, publicado no Diario Oficial de Galicia de data 1 de marzo de 2022.

A tramitación do expediente expropriatorio debe axustarse ao disposto nos artigos 52 da vixente Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954, e 56 e seguintes do seu Regulamento de 26 de abril de 1957.

En consecuencia, este servizo, en virtude da competencia delegada mediante Orde de 7 de setembro de 2017 sobre delegación de competencias no secretario xeral técnico e noutrous órganos e entidades públicas adscritos a esta consellería, publicada no DOG nº 179 de 20 de setembro de 2017, resolveu convocar aos titulares de bens e dereitos afectados que figuran na relación exposta no taboleiro de anuncios do Concello de Santa Comba, para que comparezan no lugar, data e horas que se detallan a continuación, co fin de proceder ao levantamento das actas previas á ocupación nas que se recollerán os datos necesarios para determinar os dereitos afectados, o valor destes e os prexuízos determinantes da rápida ocupación, sen prexuízo de se trasladaren ao lugar dos predios se o consideran necesario.

Termo municipal de Santa Comba

Lugar: Casa Consistorial do Concello de Santa Comba

Data: 2 de xuño de 2022, das 10:30 ás 10:45 horas.

A relación de titulares cos bens e dereitos afectados, así como o plano parcelario correspondente estarán expostos no Concello de Santa Comba e no Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas da Coruña (r/ Vicente Ferrer nº 2, 8º andar, 15.071 A Coruña), e publicarase no seguinte enlace da páxina web da consellería:

[https://infraestruturasemobilidade.xunta.gal/avisos?content=/Portal-Conselleria6/Avisos/resoluciones/aviso\\_0297.html](https://infraestruturasemobilidade.xunta.gal/avisos?content=/Portal-Conselleria6/Avisos/resoluciones/aviso_0297.html)

Así mesmo, realizarase a convocatoria aos interesados ao levantamento das actas previas mediante notificación individual.

A dito acto deberán acudir os titulares afectados persoalmente ou ben representados pola persoa debidamente autorizada para actuar no seu nome, xuntando os documentos acreditativos da súa titularidade, documento nacional de identidade (e, no seu caso outra documentación que se requira, xustificante do pago do IBI...), así como certificado de conta con códigos IBAN e BIC, a fin de proceder aos sucesivos pagos que sexan procedentes mediante transferencia bancaria, podendo facerse acompañar a súa costa, se o estiman oportuno, dos seus peritos e notarios.

Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 49 do Regulamento de expropiación forzosa de 26 de abril de 1957, este servizo, unha vez levantadas as actas previas á ocupación, e habilitado o crédito oportuno, procederá ao pago, mediante transferencia bancaria, do importe dos depósitos previos e indemnizacións por rápida ocupación. No suposto de non ter presentado o certificado de titularidade da conta bancaria, con códigos IBAN e BIC, e a copia do D.N.I., consignarase o importe na Caixa Xeral de Depósitos conforme o disposto no artigo 51 do Regulamento de expropiación forzosa do 26 de abril de 1957.

En cumprimento do artigo 55 do Regulamento de expropiación forzosa do 26 de abril de 1957, neste mesmo acto, convócase ao acto de formalización das actas de ocupación o cal terá lugar, logo de producirse o abono dos depósitos previos e indemnizacións por rápida ocupación, no lugar e data que se indican:

Termo municipal de Santa Comba

Lugar: Casa Consistorial do Concello de Santa Comba

Data: 12 de agosto de 2022, das 10:30 ás 10:45 horas.

No mesmo acto ofertaranse aos propietarios as valoracións establecidas pola Administración para cada unha das fincas en concepto de mutuo acordo.

**SERVIZO PROVINCIAL DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS**

Rúa de Vicente Ferrer 2, 8º andar 15071 A Coruña

981 182 475 - 981 184 873 - 881 881 314

<https://sede.xunta.gal/portada>





O presente acordo faise público, para xeral coñecemento, advertindo aos titulares que na acta figurarán os donos da causa ou titulares do dereito expropiado, non admitíndose representación senón por medio de poder debidamente autorizado (notarial, xudicial ou do consulado), xa sexa xeral ou particular para este caso, debendo achegar a documentación necesaria para acreditar a sucesión en caso de figurar o terreo a nome de herdeiros; e que deberá identificarse co Documento Nacional de Identidade.

A fin de que os actos derivados dos procedementos expropriatorios se realicen de acordo coas medidas preventivas do risco de contaxio ante a situación provocada polo coronavirus COVID-19, serán aplicables as medidas de prevención recollidas no Anexo da Resolución de 12 de xuño de 2020 e posteriores modificacións, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se da publicidade ao Acordo do Consello da Xunta, de 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para fazer fronte á crisis sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara unha nova normalidade.

En todo caso, cómpre por en coñecemento dos interesados as seguintes indicacións:

- Os interesados poderán confirmar a data e hora fixada para a celebración do acto, ou, no caso de concorrer motivos de inconveniencia por razóns de saúde e/ou de adopción de medidas que afecten favorablemente á prevención de contaxios, poderán propoñer outro horario diferente para o mesmo, previa cita confirmada polo persoal de contacto.
- No momento da atención, tanto o persoal da Administración e da Asistencia Técnica como o expropiado usarán máscara de protección, respectando en todo momento a distancia de seguridade fixada. A tales efectos, establecécese a obriga de asistir ao acto provisto de máscara de hixiene adecuada e etiqueta respiratoria. Porén, disporase de máscara por parte da administración no caso de que os expropiados non dispoñan dela.
- En caso de detectarse posibles síntomas compatibles coa COVID-19 nunha persoa presente, seguiranse obligatoriamente as indicacións realizadas polas autoridades sanitarias para o efecto.
- Deberán asistir únicamente as persoas estritamente necesarias para a realización do trámite.
- Establecécese a obriga de permanecer no local de reunión o tempo estritamente necesario.
- Non se poderá acudir no caso de presentar febre ( $>37^{\circ}$ ) ou síntomas de problemas respiratorios.

A Coruña, na data da sinatura electrónica

Felipe de la Vega Gándaras

Xefe do Servizo Provincial da Coruña

